

Aos 8 anos

Non precisa que o adulto lle recorde a norma, responsabilízase da súa conducta e recoñece cando se porta mal. Ordena as súas cousas e pode asumir responsabilidades diarias como preparar o almorzo. Aprende a lavar e aclarar o pelo con supervisión, sabe preparar a merenda e pode elixir a roupa de acordo co tempo e as circunstancias. Con oito anos xa poden prepararse a cea, dobrar roupa, limpar e recoller a mesa, limpar o pó dos móbéis...

Gústalle participar en xogos colectivos e cooperar en grupo.

A partir dos 9 anos

Xa é bastante autónomo nas súas intencións e responsabilidades.

Gústalle tomar decisións e seguir as súas iniciativas aínda que se equivoque. Pode encargarse dalgunha tarefa doméstica con responsabilidade e certa perfección. Con nove anos xa poden barrer ou aspirar o chan, lavar vaixela...

Con dez anos xa poden aspirar alfombras, limpar baños...

O grupo de amigos e os irmáns cobran unha maior importancia, mentres que a crítica é frecuente, sobre todo dirixida a pais e mestres.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Debemos falar co titor ou titora de forma regular e non só cando nos citen ou cando haxa problemas.
- Debemos informar ao titor ou titora de calquera información de interese para o centro: medicación, cambios bruscos de actitude...
- Todas as queixas do neno/a debemos contrastalas coa versión dos outros mestres/as porque, aínda que non minta, probablemente estea dando a súa propia versión.
- Nunca na casa e diante do neno/a debemos desprestixiar aos mestres/as.
- Valorar na casa todo o relacionado coa escola e co estudo.**
- É fundamental que os nenos/as sigan unha alimentación equilibrada (debería de suprimirse o consumo diario de chucharías, non é bo para a súa saúde), durman un mínimo de 9 horas e fagan exercicio físico.



- O mellor xeito de motivar aos nenos e nenas é recoñecendo os seus logros e empregando os erros dun xeito constructivo, facéndolle saber que os poden controlar.
- Nun principio os nenos e as nenas precisan axuda para aprender a organizarse.
- Recoméndase que o alumnado non traia cartos ao colexio. O profesorado non se responsabiliza deses cartos.
- Non deben traer móbiles, nin consolas de xogos ao centro, debemos fomentar o xogo espontáneo e compartido cos demais
- É aconsellable que veñan ao colexio ben alimentados, abrigados, que fagan un almorzo equilibrado para o traballo que lles espera no colexio "mens sana in corpore sano".

l) Aos máis pequenos/as revisarlles a mochila para garantir que levan ao colexio o material axeitado.

m) Solicitar cita previa para visitar os titores e titoras ou o orientador dos vosos fillos e/ou fillas.

n) O Equipo Directivo, segundo a normativa vixente como o representante legal dos vosos fillos e fillas no centro, ten que coñecer e saber todo o que acontece no centro tanto en temas relativos a problemas de conducta como de outra índole para poder asesorar e informar. Os vosos fillos/as son o máis importante e dende o centro queremos contribuír a unha educación integral de calidade.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CEIP Santo André de Xeve-CEIP Pedro Antonio Cerviño-EEI de Verducido



PARA AXUDARLLE A SER AUTÓNOMO E INDEPENDENTE

AXÚDALLE A SER INDEPENDENTE

Educar a unha persoa significa axudala a ser independente, valerse por si mesma, tomar decisións, facer uso da súa liberdade...e isto non se improvisa, senón que é un proceso longo e complexo, que se inicia na familia e continúa na escola e noutros ambientes. Estas orientacións axudarán aos nenos e nenas a ser un pouco máis autónomos.

SER AUTÓNOMO é ter a capacidade para tomar as súas propias decisións, guiar a súa conducta e aceptar as consecuencias do que fan, pensan e din. Os nenos e as nenas aprenderán a ser autónomos **por imitación do adulto**, pola aprobación social e enfrontándose a situacións nas que teñen que ser responsables.

COMO ENSINAR A SER AUTÓNOMO

- É importante recoñecer as dificultades, animándolle a superalas.
- Os nenos e as nenas deben acostumarse a pensar por si mesmos e buscar as respostas ás súas preguntas na enciclopedia, nun dicionario, na biblioteca, en Internet...
- Antes de pedirlle que faga algo, hai que ter claro o que lle imos pedir, chegar a un acordo, dicirlles con claridade e en poucas palabras e sen repetir a orde o que teñen que facer.
- Sempre debemos amosar confianza nas súas posibilidades e darlle seguridade.
- Os nenos e as nenas necesitan unhas **normas claras** que lles axuden a asumir responsabilidades.
- Cando o neno ou a nena faga a tarefa, observaremos como o fai para darlle a axuda que necesita e para animalo/a.
- Cando remate debemos reforzalo/a e recoñecer o esforzo, deixándolle corraxir se non o fixo ben ou facéndolle asumir as consecuencias se non o fixo.



RESPONSABILIDADES QUE PODEN ASUMIR OS NENOS E AS NENAS

A responsabilidade lles fai autónomos/as, contribúe a desenvolver a súa confianza, a súa autoestima e o seu autoconcepto. A responsabilidade vese claramente cando somos capaces de asumir que temos tarefas que facer sin que ninguén teña que lembrarnos que temos que facelas. Cando os nenos e nenas se acostuman a ter autonomía e responsabilidade dende moi pequenos, facendo cousas todos os días sin que ninguén llo lembre, contribuímos a que melloren as súas capacidades executivas e de planificación e poidan, mais adiante, ordear e organizar as súas tarefas e deberes con autonomía.

Pero, evidentemente, ao principio hai que crear esa costume, e iso é unha labor educativa que se debe fomentar dende que son moi pequenos/as.

Non chega con dicirlles o que deben facer, senón lograr que saia deles e delas todos os días.

Aos 3 anos

A esta idade os nenos e nenas imitan o comportamento dos adultos e, como aínda non comprenden as normas, actúan en función do premio e do castigo. Colabora en gardar os xoguetes e os debe recoller, pode ter en orde as súas cousas e pode poñer cousas fáciles na mesa coma o prato e os cubertos. Aprende a espirse só e colabora cando o visten. Pode comer ca culler sen mancharse moito e pode

lavar e secar as mans. Aprende a compartir as súas cousas e interésase por xogar cos adultos/as. Poñer a roupa sucia no canasto. Dobrar a roupa limpa (á súa maneira).

Aos 4 anos

A esta idade xa lle podemos dar algunha responsabilidade, como poñer a mesa, axudar no coidado dalgún animal, facer algún recado no contorno familiar...

Debe deixar ordenados os obxectos que usa, e xa é bastante autónomo na comida, no coidado persoal e no aseo: necesita pouca axuda para espirse ou vestirse, pode abotoar case todos os botóns, lava e seca a cara...

Habitualmente xoga con outros e aparecen as primeiras amizades.

Aos 5 anos

Aínda necesita que o adulto lle diga o que debe ou non facer, pero xa podemos darlle varias posibilidades para que elixa. Comeza a assimilar as normas e respectalas. Ademais, pode responsabilizarse de tarefas sinxelas, como recoller a mesa ou preparar a roupa para vestirse. En canto a autonomía persoal, come de todo, aínda que non lle guste, comeza a cortar cousas brandas co coitelo, vístese só, pero ten dificultades con algunhas prendas e xa é bastante autónomo no aseo. Xoga en grupos de 3 ou máis, seguindo regras sinxelas.

Aos 6 anos

Segue as normas e comprende o que lle piden. Comeza a ser responsable, debe prepararse os materiais para facer unha actividade e pode controlarse en desprazamentos coñecidos. Podemos darlle unha responsabilidade diaria cunha referencia: “despois da merenda, dá de comer ao can”.

A nivel persoal, é quen de empregar o coitelo, vístese só e ata os cordóns dos zapatos, báñase só e se ten o pelo corto o pode peitear. Con seis anos xa poden dobrar toallas, emparellar calcetíns, repoñer o papel hixiénico...

Habitualmente relaciónase máis cos compañeiros do mesmo sexo e aprende costumes sociais de saúde, despedida, agradecemento....



Aos 7 anos

Sabe cando actúa ben, aínda que non sempre o consegue. Pode ter unha responsabilidade na casa, como regar as plantas, e recolle o seu cuarto antes de durmir. Con sete anos xa poden pelar patacas, facerse o desayuno...

A nivel persoal é xa moi autónomo: come, vístese e aséase só. Comeza a despegarse dos pais e das nais para preferir estar con amigos, cos que xa sabe resolver os conflitos.